

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026731	Campo de San Alberto	Noia	2021/2022

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0441	Técnica contable	2021/2022	0	133	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ELISA ÁLVAREZ GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.
RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.
RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA1.3 Distinguíronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.
CA1.4 Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 Identifícanse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA2.1 Distinguíronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.
CA2.3 Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.
CA2.8 Describíronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.
CA3.1 Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC).
CA3.2 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable.
CA3.3 Identifícanse as partes do PXC-PEME.
CA3.4 Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME.
CA3.5 Identifícanse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan.

### 2.2. Segunda parte da proba

#### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.

**Resultados de aprendizaxe do currículo**

- RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.
- RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.
- RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME.
- RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación do currículo**

- CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.
- CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.
- CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.
- CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.
- CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable.
- CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.
- CA3.6 Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.
- CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.
- CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.
- CA3.9 Identificáronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais.
- CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
- CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.
- CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.
- CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.
- CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.
- CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.
- CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.
- CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.
- CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
- CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.
- CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.

**Criterios de avaliación do currículo**

CA5.6 Introdúcese no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.

CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.

CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.

CA5.9 Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**
**MÍNIMOS EXIXIBLES:**

- Identificáronse as fases do ciclo económico da actividade empresarial
- Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento
- Distinguíronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais
- Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial
- Identificáronse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
- Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial
- Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais
- Distinguíronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española
- Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura
- Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre
- Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais
- Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas
- Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos
- Definiuse o concepto de resultado contable
- Describíronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura
- Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria
  
- Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC).
- Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable
- Identificáronse as partes do PXC-PEME
- Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME
- Identificáronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan
- Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable
- Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME

- Identifícaronse as contas anuais que establece o PXC-PEME
- Identifícaronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais
  
- Identifícaronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
- Codifícaronse as contas consonte o PXC-PEME.
- Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXCPEME.
- Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.
- Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.
- Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.
- Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.
- Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.
- Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
- Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.
- Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
- Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación
- Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.
- Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.
- Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados.

#### Criterios de cualificación:

Para a superación do módulo hai que superar dúas partes:

#### 1º parte da proba :

Terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita (preguntas tipo test con varias posibles respostas, das que soamente unha é correcta; onde todas as preguntas teñen o mesmo valor) que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As respostas non contestadas non puntuarán, pero as respostas erróneas descontarán na mesma proporción que se puntúen as acertadas.

Esta primeira parte da proba, cualifícarase de cero a dez puntos. Para a súa superación, e poder acceder a segunda parte da proba, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

#### 2º parte da proba:

Tamén terá carácter eliminatorio, e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte, se cualificará de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. E no caso das persoas que non superen a primeira parte da proba, serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Para superar o módulo hai que obter un mínimo de cinco en cada parte.

A cualificación final, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes expresada con números enteiros, redondeada á

unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que non superen a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita (preguntas tipo test con varias posibles respostas, das que soamente unha é correcta; onde todas as preguntas teñen o mesmo valor) que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As respostas non contestadas non puntuarán, pero as respostas erróneas descontarán na mesma proporción que se puntúen as acertadas.

Esta primeira parte da proba, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación, e poder acceder a segunda parte da proba, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Non se permitirá o uso de móbiles nin outro dispositivo electrónico.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa a disposición do profesorado.

Non se permitirá a entrada ao exame despois de efectuada a chamada pública do alumno/a.

Material:

-Bolígrafo azul ou negro

-Calculadora

Duración: 90 minutos

##### 4.b) Segunda parte da proba

Tamén terá carácter eliminatorio, e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte, se cualificará de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. E no caso das persoas que non superen a primeira parte da proba, serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Non se permitirá o uso de móbiles nin outro dispositivo electrónico.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa a disposición do profesorado.

Non se permitirá a entrada ao exame despois de efectuada a chamada pública do alumno/a.

Material:

-Bolígrafo azul ou negro

-Calculadora

Duración: 165 minutos